

CURSO DE INSTRUMENTOS DE PERCUSIÓN TRADICIONAL GALEGA



RAMÓN DOPICO GRAÑA

19 DE MARZO E 2 DE ABRIL 2025

RAMÓN DOPICO GRAÑA (Fene, 1981)

Percusionista de formación, básicamente, autodidacta na percusión tradicional. Comeza na banda de gaitas Airiños de Fene e ao longo dos anos participa na maioría de agrupacións folclóricas de Ferrolterra. Cursa os estudos de percusión clásica no conservatorio Xan Viaño de Ferrol.

Asiste a cursos de formación cos percusionistas José Trigueros e Alejandro Sanz (Orquestra Sinfónica de Galicia), Josep Vicent Faus, Carlos Castro, Antonio Sánchez, Niurka Carbonell ou Miguel Cabana.

Dentro da música tradicional forma parte de Berros do Castro e Raparigos, formou parte dos grupos folk Chiculate e Os Cempés e pódese escoitar nos discos de Verdegai, Fernando Barroso, Andrés Penabadou Manolo Bacalhau.

Dende o ano 2004 é percusionista da Banda Ferrolá de Música.

Habitualmente colabora con Pesdelán e a cantora Belém Tajés.

Nestes momentos forma parte da Música de Cecebre, Xosé Lois Romero e Aliboria, imparte aulas e obradoiros de percusión tradicional en diversos lugares do país e colabora no espazo radiofónico Lumen a Palleira (CRTVG).

Programa do Curso

LUGAR: Conservatorio Profesional de Música de Ourense, Aula C10

DATAS: 19 de Marzo e 2 de Abril de 2025

HORARIO: 16:00 a 20:00

DEREITOS DE MATRÍCULA:

- Alumno/as activos do Centro: 20€
- Alumno/as activos externos ao Centro: 25€
- Alumnos/as oíntes: 10€

OBXECTIVOS:

Unha aproximación aos instrumentos de pequena percusión na música tradicional galega, polo xeral esquecidos ou ignorados, pero que dan cor e con posibilidades moi interesantes para embelecer o repertorio.

CONTIDOS:

Nocións introductorias de tarrañolas, culleres, triángulo, etc. nas que se verán as distintas técnicas dos instrumentos e a súa aplicación cos patróns da nosa música tradicional.

As inscricións abonaranse en **ABANCA**,
IBAN ES65 2080 5260 7031 1007 1809.

O boletín de inscrición e xustificante de pago remitiranse á Secretaría do Centro. O prazo de matrícula remata o día 17 de marzo de 2025.

A todos os alumnos participantes no curso entregaráselle, ao remate do mesmo, un diploma acreditativo pola súa asistencia.

BOLETÍN DE INSCRIPCIÓN

Curso de Interpretación de _____

Nome e apelidos _____

Enderezo _____

CP e Poboación _____

Teléfono _____ E-mail _____

Nivel de estudos: G.E. G.P. G.S.

Centro de estudos _____

Alumnado activo do centro G.E.

Alumnado activo do centro G.P.

Alumnado activo externo.

Alumnado óinte.

Data de inscrición _____